



A Consellería de Cultura e Educación vén de publicar a Orde do 17 de abril do 2016 na que se regula:

- **Participación no fondo solidario de libros de texto. Alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de EP. 1º e 3º ESO.**
- **Axudas para adquirir libros de texto. Alumnado de 1º e 2º EP - 2º e 4º ESO - EE.**
- **axudas para material escolar para o alumnado de EP, ESO e EE.**

Aclaracións.

- Integra as tres modalidades (fondo, axudas para a adquisición de libros e axudas para a compra de material escolar) nunha mesma convocatoria,.
- Só será preciso presentar unha única solicitude por centro, incluíndo nela a todos/as os/as fillos/as que estean escolarizados nel. A documentación só se ten que presentar unha vez.

Fondo público solidario

- A asignación de libros de texto correspondente aos cursos de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar.
- De non alcanzar os libros dispoñibles no fondo solidario para dar na cobertura igual á que se presta en función da renda nos cursos cubertos pola convocatoria de axudas, o centro adquirirá os libros complementarios que sexa necesario.
- Cómpre lembrar que será requisito fundamental para acceder ao fondo solidario, ou recibir as axudas para libros ou material escolar **ter devolto os libros, ben utilizados do mesmo fondo o ano pasado**, ben adquiridos con cargo á convocatoria de axudas para a compra de libros de texto.

Convocatoria de axudas

Tramos de renda (**EXERCICIO FISCAL 2014. CASIÑAS 430 e 445**) e as súas correspondentes axudas :

a) Educación Primaria 1º e 2º

.- Renda per cápita familiar ata 5.400,00 euros: 170 euros

.- Renda per cápita familiar desde 5.400,01 ata 9.000,00 euros: 90 euros

b) No caso das axudas para a compra de material escolar destinado a alumnado matriculado en educación primaria, o umbral é a renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros, e a contía da axuda será de 50 euros.